

Terceiro Ciclo Primaria Día das letras galegas 2012



**Seminario de Formación
«Valentín Paz Andrade»**

M.^a del Carmen Félix Cedeira
Vanessa Guimarey Cedeira
Armando Xosé Herrero Mayor
Rosa M.^a Andrés Losada
M.^a Jesús Souto Pereira
María José Vidal Dopazo

**Seminario de Formación
«Material didáctico sobre V. Paz Andrade»**

María Barca Gómez
Xulio Gallego Revaldería
Eva Raquel Guimarey Cedeira
M.^a Luísa Mosquera Seijo
Paz Santiso Andrade
Ana María Seijo López

**Seminario de Formación
«Valentín Paz Andrade na rede»**

Marta Barca Gómez
María Fernández de Sanmamed Maneiro
Francisco Guitián Valeiro
Isabel Hortas González
Julio Pedrosa Moreno
José Antonio Picado Rodríguez

Asesoría pedagóxica CEFORE A Coruña
Isabel M.^a Miguélez Pose

Maquetación e deseño gráfico
Manolo Paz (www.edugaliza.org)

Colexios participantes

CEIP Alfredo Brañas, de Paiosaco-A Laracha
CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo
CEIP María Barbeito, da Coruña
CEIP Montel Touzet, da Coruña
CEIP Portofaro, do Temple-Cambre
CEIP Praia de Quenxe, de Corcubión
CEIP San Xosé Obreiro, de Meicende-Arteixo
CEIP Torrente Ballester, de Sigrás-Cambre
CEIP Wenceslao Fernández Flórez, de Cambre
EEI de Dimo, de Catoira

Á Real Academia Galega, á Fundación Penzol, de Vigo, a Antonio Palla e a todos os que contribúen, anónima e desinteresadamente a publicación destas actividades, grazas pola vosa colaboración e xenerosidade.



Edita Seminario Permanente de Formación do
Profesorado do CEIP Galán de Oseiro-Arteixo (A Coruña)
<http://www.seminariogalan.org>



O poeta e escritor Valentín Paz Andrade naceu na parroquia de Lérez, en Pontevedra, o 23 de abril de 1898.

Fixo o bacharelato na cidade de Pontevedra e estudou Dereito en Compostela onde coincidiu con numerosos intelectuais galegos: Castelao, Vicente Risco, Antón Villar Ponte, Luís Peña Novo...

Chegou a dirixir, durante cinco anos, o xornal «Galicia».

Foi membro do Partido Galeguista sendo nomeado o seu secretario en 1934. Anteriormente fora candidato a deputado ás Cortes Constituíntes. Colaborou na redacción do primeiro Estatuto de Galicia presentado polo Seminario de Estudos Galegos no ano 1931.

Cando estalou a Guerra Civil defendeu a moitos galeguistas e mesmo axudou a fuxir a algunhas persoas. Foi desterrado a Verín, Badaxoz... e ao longo da súa vida foi detido en varias ocasións por mor da súa militancia política e polos seus artigos periodísticos.

Traballou como avogado de moitas empresas pesqueiras e escribiu moitos libros sobre os problemas da pesca en Galicia e no mundo.

Impulsou a creación do grupo industrial galego *Pescanova* que foi a primeira compañía armadora europea de buques conxeladores e da que foi vicepresidente.

Escribiu tamén poesía. O seu primeiro libro está adicado ao seu amigo Alfonso Rodríguez Castelao, e leva por título «*Pranto Matricial*» (1954). Máis tarde escribiu «*Sementeira do vento*» (1968) e «*Cen chaves de sombra*» (1979).

Faleceu en Vigo no ano 1987.

Foi membro da Real Academia Galega e da Real Academia Galega das Ciencias, galardoado co Pedrón de Ouro, a medalla Castelao e numerosos premios máis polo seu traballo a prol de Galicia. Este ano é o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.



Valentín Paz Andrade, nunha caricatura de Alfonso R. Castelao.




«*Castelao na luz e na sombra*» está considerada como a máis completa biografía de Castelao.

Todas estas fichas teñen datos da biografía de Valentín Paz Andrade, pero en cada unha só hai un dato verdadeiro. Arrodeao e con eses datos completa a biografía .



Valentín Paz Andrade naceu no ano en ,
na provincia de Pontevedra. Estudou en Santiago de
Compostela e militou no .
Foi desterrado a Verín e . O seu primeiro libro de poe-
mas foi e tamén escribiu
 . Creou a empresa .
Foi nomeado membro da .
Faleceu na cidade de no ano .



HORIZONTAIS

- 1.- Cidade onde estudou bacharelato.
- 2.- Nome do xornal que dirixiu durante cinco anos.
- 3.- Profesión que exerceu durante a súa vida.
- 4.- Vila galega á que foi desterrado Paz Andrade.
- 5.- Nome de Paz Andrade.
- 6.- Estudos que realizou en Santiago de Compostela.
- 7.- Nome do partido político do que foi dirixente.

VERTICAIS

- 8.- Apelido do amigo ao que lle adicou o seu primeiro libro de poesía.
- 9.- O seu segundo libro de poesía titúlase «**Cen de sombra**».
- 10.- Nome do grupo industrial que creou na cidade de Vigo.
- 11.- Parroquia pontevedresa onde naceu.
- 12.- O seu terceiro libro de poesía leva por título «**.....do vento**».

O QUE TODO GALEGO CHORARÍA

Valentín Paz Andrade
PRANTO MATRICIAL

Chora, Terra, teu pranto xeneroso.
O que todo galego choraría,
en roda de multánime silencio
e ollares abatidos
sobor do longo corpo derrubado
que fora vivo mastro en loita núa;
perto daqueles beizos, seca fonte
da verba nunca de antes máis belida;
do peito petrucial, refrorecido
de mapoulas pampeiras,
que envexan a nacencia das chorimas;
xunto das postas maos voltas ao xelo,
onde a eito agromaron da súa arte,
no cerne da galega patronía,
vizosas primaveras.



QUEN É CASTELAO?

3

3

«O que todo galego choraría» está adicado a Castelao. Averigua na biblioteca ou na internet quen foi Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e completa esta ficha.



Naceu en o ano .

Estudou . Emigrou a .


É autor de:

.

Faleceu no ano , en .

Na actualidade está enterrado en .

No poema de Paz Andrade «O que todo galego choraría» podemos localizar o nome de dúas flores: as mapoulas e a chorima. A flora galega é moi variada. Localiza nesta sopa de letras o nome de dez flores que podemos atopar no noso país.



CHORAMOS UN POUCO?

Subliña algunha das causas polas que poderías chorar.

MANCARSE	A MORTE DUN FAMILIAR	PERDER UN PARTIDO
TER QUE EMIGRAR	VER UNHA PELÍCULA	LER UN LIBRO
RECIBIR UNHA MOI BOA NOTICIA	ENFURRUÑARSE	NAMORARSE
NON FACER OS DEBERES	NON SABER FACER ALGO	

Escolle unha das subliñadas e explica os motivos polos que chorarías.

CANDO TI VOLVAS

Valentín Paz Andrade
«PRANTO MATRICIAL»

NA MATRICIAL GALIZA, SEMPRE TÚA,
que dende a Torre de Hércules ao Miño
un facho acenderá por cada illa,
cando ti volvas polo mare;
de toxo unha fogueira en cada monte,
cando ti volvas polo mare;
dos castros na coroa unha cachela,
cando ti volvas polo mare;
unha loura candea en cada pino,
cando ti volvas polo mare;
o seu cirio de frouma os alciprestes,
cando ti volvas polo mare;
luces de ardora branca en cada mastro,
cando ti volvas polo mare;
un farol mariñeiro en cada dorna,
cando ti volvas polo mare;
veliñas á xanela en cada casa,
cando ti volvas polo mare;
e as pérolas das bágoas derramadas,
cando ti volvas polo mare;
cando ti volvas polo mare...



Galiza, 1954

QUE LEMBRAS DO POEMA?

6

3

1.- Que lugares se mencionan no poema?

2.- Que vai acender? Onde?

3.- De que é a fogueira?

4.- Onde acende a cachela?

5.- Que hai en cada pino?

6.- Onde coloca o farol mariñeiro?


OS FAROS GALEGOS

7

3

En Galicia hai moitos faros ao longo da súa costa. Poderías colocar no seu sitio o nome dos que figuran no recadro?

FARO DE FISTERRA FARO DE CORRUBEDO TORRE DE HÉRCULES FARO DE CABO VILÁN FARO DAS SISARGAS FARO DAS ILLAS CÍES FARO DE TOURIÑÁN



Resolve este dameiro e descubrirás unha estrofa do poema «Cando ti volvas», da elexía «Pranto Matricial», de Valentín Paz Andrade.

1	2	3	4		5	6	7	8	9		10	11	12
13	14	15		16	17		18	19	20		21	22	23
24	25		26	27	28	29	30		31	32		33	34
35	36	37	38		39	40	41	42		43	44	45	46



Nome de Paz Andrade

36 4 5 46 12 31 23 17

«Cen_____ de sombra».

Obra de Valentín Paz Andrade.

18 3 27 33 14 38

Vai moita no verán.

10 44 41 6 8

Peza de metal que se utiliza como medio de pagamento.

43 25 16 13 37

Antónimo de moita.

22 34 7 26 21

Cacho de tea que serve para limpar o nariz.

39 11 24 42

Río asturiano.

28 19 35 30 2

Camiño con casas ás beiras.

45 1 9

Antónimo de volta.

32 20 15

Primeira nota musical.


29 40

Localiza nesta sopa de letras o nome de oito fontes de luz. Con letras que sobran aparecerá unha frase sobre unha obra de Valentín Paz Andrade.



Autocartoon de Castelao publicada no diario «Galicia» en setembro de 1923.

FRASE OCULTA



FACHO FOGUEIRA CACHARELA CANDEA
CIRIO ARDORA FAROL VELA

FACEMOS UNHA CARICATURA?

10

3

Aquí tes unha caricatura de Paz Andrade realizada por Castelao. Poderías facer unha caricatura inspirándote nesta foto de Valentín?



Caricatura de Paz Andrade realizada por Castelao.

AS PALABRAS

Valentín Paz Andrade
«CEN CHAVES DE SOMBRA»

Vén o ar ateigado de palabras,
cada mañá chamando aos nosos vidros,
para por a xermolar son e semente.
As palabras decote están falando
e somos nós os xordos á mensaxe
que no seo das sílabas carrexan.

...



O MUNDO AO REVÉS

11

3

Le o poema e inventa as preguntas para estas respostas.

1.-

-Ateigado de palabras.

2.-

-Mañá.

3.-

-Aos nosos vidros.

4.-

-Son e semente.

5.-

-Xordos.

1.- No verso primeiro hai unha figura literaria chamada *personificación*. Saberías explicar en que consiste?

2.- O vento non pode vir cargado de palabras, pero si que pode traer outras cousas máis reais. Poderías citar algunha?

3.- A palabra «vento» é unha palabra polisémica, é dicir, que ten varios significados diferentes. Poderías colorear os catro auténticos significados da palabra vento? Podes consultar o dicionario.

Cada un dos parágrafos da Biblia

Punto cardinal

Folla da col

Espazos polos que pasa o aire nos hórreos

Capa verde dos sitios húmidos

Cordas da arte de pesca

Eixe do rodicio do muíño

Estómago do porco

Movemento horizontal do aire

4.- Localiza no poema un sinónimo da palabra «xerminar» e explica como poden «xerminar» as palabras.

5.- Escoitamos nós as palabras que trae o vento? En que verso está a resposta?

ENCRUCILLADOS

PRIMEIRO CICLO

- 1.- AVOGADO
- 2.- PAZ
- 3.- LÉREZ
- 4.- PESCANOVA
- 5.- SANTIAGO
- 6.- CASTELAO
- 7.- ABRIL
- 8.- ANDRADE

SEGUNDO CICLO

- 1.- PONTEVEDRA
- 2.- ABRIL
- 3.- LÉREZ
- 4.- GALEGUISTA
- 5.- VALENTÍN
- 6.- MADRID
- 7.- PEDRÓN
- 8.- PESCANOVA
- 9.- DEREITO
- 10.- CHAVES

TERCERO CICLO

HORIZONTAIS

- 1.- PONTEVEDRA
- 2.- GALICIA
- 3.- AVOGADO
- 4.- VERÍN
- 5.- VALENTÍN
- 6.- DEREITO
- 7.- GALEGUISTA

VERTICAIS

- 8.- CASTELAO
- 9.- CHAVES
- 10.- PESCANOVA
- 11.- LÉREZ
- 12.- SEMENTEIRA

TERCERO CICLO

DAVEIRO	U	N	H	A		L	O	U	R	A		C	A	N
	1	2	3	4		5	6	7	8	9		10	11	12
	D	E	A		E	N		C	A	D	A		P	I
	13	14	15		16	17		18	19	20	21		22	23
	N	O		C	A	N	D	O		T	I		V	O
	24	25		26	27	28	29	30		31	32		33	34
	L	V	A	S		P	O	L	O		M	A	R	E
	35	36	37	38		39	40	41	42		43	44	45	46